

HISTORIA DA EDUCACIÓN EN GALICIA

(Nota de actualidade)

Ao longo destes anos 2000-2001 teñen sido diversas e valiosas as iniciativas desenvolvidas arredor da historia da educación en Galicia e delas pasamos a dar sucinta conta. Entre a publicística hai que anotar: a edición da obra de Sabela Rivas Barrós, *A derradeira lección dos mestres* (xerais, 2001), que parte da súa anterior tese de doutoramento e que se comenta en recensión a parte; a presenza de artigos, ademais de en *Sarmiento*, en *Compostellanum* (Vazquez Vilanova), en *Descubriendo Deza* (Malheiro Gutierrez), en *Revista Galega do Ensino* (Carmen Benso); a contribución de Ramón López Facal, "La nación ocultada" na obra *La gestión de la memoria. La historia de España al servicio del poder* dirixida por J. S. Pérez Garzón (Crítica, Barcelona, 2000) sobre a construción ideolóxica da noción histórica de España; a colectánea que recolle os textos das xornadas conmemorativas dos 25 anos de pedagogía Freinet en Galicia, coordinada por Xosé M. Cid Fernández (*Da Escola Rural á Educación Social*, Serv. De Publicación da Universidade de Vigo, 2000); o texto *Francisco Giner, a escola primaria e a universidade* preparado por U. Otero Urtaza (Universidade de Santiago, 2001); o estudio institucional histórico *A Escola Normal de Santiago de Compostela (1849-1996)* preparado polos profesores Anxo Porto Ucha e Aurora Marco (Universidade de Santiago, 2000); ou tamén o Catálogo. *A noite esta varrida da terra. 150 aniversario da utilización da luz eléctrica en Santiago de Compostela, por primeira vez en España* (Consello da Cultura Galega, Santiago, 2001) con notables apuntamentos para unha

didáctica da historia da ciencia. Tamén neste terreo da publicística hai que sinalar a aparición da publicación *Dez Eme. Revista de historia e ciencias sociais* (Fundación 10 de Marzo de CC.OO.), dirixida polos profesores Xosé Gómez Alén e Victor Santidrián Arias, que adicou o seu número dous á educación durante o franquismo, entre outras cuestións.

No plano investigador hai que anotar a defensa da tese de doutoramento presentada por Manuel Vieites García, baixo o título *Literatura dramática, teatro e procesos non formais de educación. Estudio da incidencia do texto dramático e da representación teatral na educación popular en Galicia, 1882-1936* (Fac. de CC. da Educación, Univ. de Santiago, Dir.: Antón Costa).

No terreo expositivo este tempo foi de grande interese: por unha parte sentáronse as bases e comezou o funcionamento do Museo Pedagóxico de Galicia, creado pola Consellería de Educación, baixo a dirección técnica do profesor Vicente Peña Saavedra, tendo realizado arestora varias exposicións; por outra, a Fundación Fernando Blanco de Lema en Cee inaugurou tamén un Museo cos seus riquísimos fondos procedentes da propia institución educativa fundada no século XIX en Cee por Fernando Blanco, que agora está ao cuidado do experto e profesor Rafael Sixto Edreira; mentres que a exposición itinerante sobre a IIª República e o ensino, organizada baixo o patrocinio da Fundación 10 de Marzo percorreu tamén varias cidades galegas. Cunha amplitude maior, debemos aludir á Exposición "Editorial Galaxia 1950-2000: Palabras para un país" que recolleu os grandes chanzos do desenvolvemento desta Editorial tan ligada á problemática e sucesos da nosa lingua e cultura, inscribíndose como un fito fundamental da nosa historia intelectual e afectiva.

Neste tempo recibimos a boa nova de que Frei Martín Sarmiento, o polígrafo galego a quen se encomenda esta Revista, vai ser por decisión da Real Academia Galega a figura escolleita para a celebración do próximo Día das Letras Galegas (17 de Maio de 2002). Con esta ocasión, esta Revista prestará oportuna atención a tal figura nun próximo número. Expresamos a nosa mágoa porque no pasado inverno de 2000-2001 o seu solar en Vilafranca do Bierzo se derramara, polo propio cansanzo dos séculos e porque só estaba pintado no exterior, o que no interior estaba carcomido. Houbo avisos, pero non foron atendidos nin pola Junta de Castilla-León nin pola Xunta de Galicia. As fotos que acompañan esta *Nota* permitenos ollar a casa tal como era e a rúa da que formaba parte.

Por fin, en setembro de 2001 os investigadores e investigadoras ligados a esta *Revista* organizaron o IV Encontro Ibérico de Historia da Educación na vila de Allariz, con efectos académicos e culturais positivos.

Antón Costa Rico



IV ENCONTRO IBÉRICO DE HISTORIA DA EDUCACIÓN

Allariz (Ourense), 12-15 de setembro de 2001

Entre os días 12-15 de setembro de 2001 celebrouse na vila ourensá de Allariz o IV Encontro Ibérico de Historia da Educación, promovido pola "Sociedad Española de Historia de la Educación" e a "Secção de Historia da Educação da Sociedade Portuguesa das Ciências da Educação", sendo organizado na presente ocasión pola sección de Galicia da Sociedade Española, baixo a coordinación dos profesores Antón Costa, Carmen Benso e Narciso de Gabriel.

O Encontro abordou o estudo das "imaxes e representacións dos portugueses e dos españois" construídas en contextos educativos ao longo dos séculos XIX e XX: desde o Estado español con respecto aos portugueses e viceversa. Partíase da presunción, confirmada, de que a extrema proximidade xeográfica non tiña conducido a un suficiente coñecemento mutuo e a unha percepción axustada en cada caso. E por iso foi motivo de indagación o abordar esas imaxes e representacións difundidas na diversidade dos contextos educativos: a través dos libros de texto, das imaxes, dos discursos docentes, da narratividade literaria, e mesmo a través da prensa.

A tal efecto, o Encontro estruturouse arredor de tres núcleos de índole cronolóxica-política: o tempo do liberalismo (século XIX e primeiros anos do século XX), o dos nacionalismos de Estado –coincidente co das dúas Dictaduras- e o da democracia.

Constatouse durante o tempo do liberalismo e o das dictaduras a existencia do descoñece-

mento “do outro” en casi todo o período revisado; un descoñecemento penetrado de recelo desde a parte portuguesa, e de minusvaloración desde a parte española, se ben neste caso observáronse algunhas diferencias de tratamento desde Castela, ou desde Cataluña, ou tamén desde Galicia, que aparece lingüística e historicamente máis vinculada e próxima a Portugal. En tal contexto de descoñecemento houbo, sen embargo, contactos intelectuais minoritarios pero ricos, en particular desde finais do século XIX e nas dúas primeiras décadas do século XX, como revelan algúns congresos pedagóxicos, as páxinas do *Boletín* da Institución Libre de Ensinanza e varios depósitos de correspondencia analizados. En torno dos profundos cambios políticos, sociais e culturais que se suscitan nos dous países coa chegada das democracias, sobre todo coa Revolución dos Caraveis (25-Abril-1974), suscítese, sen embargo, nunha corrente de simpatía mutua e unha preocupación por lograr imaxes e representacións máis axustadas, o que é observable nos libros de texto e outros soportes informativos de uso escolar, motivado isto tamén pola pertenza conxunta á Unión Europea.

Para o estudo deste conxunto temático foron presentadas seis ponencias (tres de cada país) e cartorce comunicacións, que serán difundidas a través do Libro de Actas do Encontro; as ponencias foron preparadas polos profesores José M^a Hernández Díaz, José M. Fernández Soria e Alejandro Tiana Ferrer, desde a parte española, e por Áurea Adão, António Gómes Ferreira e Justino de Magalhaes, desde a portuguesa.

O Encontro, preparado con atención polo grupo de profesores galegos e que respondeu plenamente ao programa previsto, partiu dunha interesante documentación inicial, completouse co recoñecemento da histórica vila de Allariz e

das accións e transformacións que actualmente está a vivir mediante o impulso político do seu goberno municipal e serviu tamén para aproximarse á cultura galega, mediante a música, a visita aos cinco museos de Allariz e o visionado da película *A lingua das volvoretas*, co acompañamento e coloquio co autor do texto-base, o escritor Manolo Rivas.

Neste marco adicáronse as últimas sesións á análise das experiencias museolóxicas da educación en curso tanto en Portugal como en España (mesa coordinada polo profesor Agustín Escolano) e á discusión sobre proxectos de cooperación científica, coa intervención dos actuais presidentes das dúas sociedades Dres. Antonio Viñao e Antonio Gómes, quen conxuntamente co profesor Antón Costa, desde a organización, deron por clausurado este que foi valorado como un positivo Encontro, do que ademais quedará unha constancia permanente en Allariz, a través da placa colocada nun monolito en pedra co busto do P. Feijoo, personalidade que se educou nas primeiras letras e latins nesta vila, e a quen os participantes neste Encontro e o propio Concello lle renderon unha sentida homenaxe.

Arredor da historiografía educativa portuguesa

A historiografía educativa en Portugal tivo desde hai décadas cultivadores atentos, xeralmente profesores universitarios, que fixeron notables contribucións e sólidos estudos, como poden ser os casos de Alburquerque e de Banha de Andrade, entre outros. A eles se uniron Rómulo de Carvalho coa súa obra sistemática *Historia do ensino em Portugal*, un gran manual, clásico entre a investigación e a difusión rigorosa, e o polígrafo Joaquín Ferreira

Gómes, que elaborou moitas das mellores páxinas de estudio da historia educativa portuguesa sobre todo do século XVIII.

Nos pasados anos 80 unha floración de investigadores e de estudos monográficos marcaron unha considerable renovación teórica e metodolóxica nos estudos portugueses de historia da educación. Canda eles veu tamén a renovación das temáticas e obxectos de estudio abordados, case sempre na contemporaneidade, focalizándose a atención en cuestións como a profesión docente, a educación no tempo da 1ª República e no Salazarismo, a presenza da Escola Nova, a alfabetización, a perspectiva de xénero, as manifestacións da cultura popular, ou o significado do primeiro liberalismo en relación coa educación. Entre os investigadores e investigadoras poderían ser citados, entre outros: Rogério Fernandes, Áurea Adão, Luis Reis Torgal, Luis Vidigal, Antonio Candeias, María Cándida Proença, António Nóvoa, António Teodoro, Justino Magalhaes, Joaquín Pintassilgo, António Gómes Ferreira -actual Presidente de Sociedade Portuguesa de Historia da Educação-, Margarida Felgueiras, João Carlos Paulo, Rodrigo de Azevedo, ou María Isabel Albes, todos eles con textos publicados, que dan textura e presenza intelectual a esa renovación da que falamos.

Unha presenza que se estende tamén internacionalmente, a través da ISCHE e dos intercambios intersocietarios establecidos tanto con Brasil, como coa Sociedade Española de Historia da Educación. Neste caso tivo lugar un 1º Encontro en São Pedro do Sul en 1992 como ocasión para recoñecer panoramicamente as investigacións e actividades científicas levadas a cabo por cada unha das dúas Sociedades, a portuguesa e a española. O segundo Encontro

celebrouse en Zamora baixo a temática “Os camiños cara a modernidade educativa en España e en Portugal (1800-1975)”. O terceiro celebraríase en Portugal (Braga, 1998), adicándose ao estudio da profesión docente en España e en Portugal nos séculos XIX e XX.

Finalmente, o cuarto Encontro Ibérico sería organizado en Allariz (Ourense) en Setembro de 2001 pola Sección de Galicia da Sociedade Española de Historia da Educación para analizar as imaxes e as representacións educativas construídas e formuladas desde cada un dos dous países sobre os respectivos veciños, dando lugar a un riquísimo intercambio investigador.

Nestes contextos de realización e de construción da historia educativa e pedagóxica portuguesa é onde podemos encadrar algunhas das monografías éditas máis recentes que pasamos a comentar moi sucintamente.

Citamos, por exemplo, a obra coordinada por María Cándida Proença (*Um século de ensino da historia*, Edições Colibri / Instituto de Historia Contemporânea, Lisboa, 2001) onde se analiza a precoz inclusión da historia nos currículos escolares, atribuíndolle obxectivos de formación moral e patriótica de carácter propagandístico e ao servizo do Estado liberal e do seu proxecto de “educación nacional”. Nesta contribución analízase a cuestión no tempo anterior e a partir do 25 de Abril de 1974, a súa presenza nos manuais escolares e as orientacións didácticas que se seguían, poñendo a discusión as interrelacións entre historia e ideoloxía.

Nunha perspectiva similar cumprenos citar os estudos de María Cándida Proença, de Luis Vidigal e de Fernando Costa, reunidos baixo o título *Os descubrimentos no imaxinario juvenil (1850-1950)* (Comissão Nacional para as Comemorações dos Descobrimentos

Portugueses, Lisboa, 2000). Os autores reconstrúen e analizan o corpo ideolóxico deitado en torno do pasado marítimo dos portugueses e como este se ordenou como materia formativa para a exaltación do “povo portugués”, a través, en particular, da escola e da literatura infantil e xuvenil. María C. Proença revisa a memoria oficial responsable das imaxes que se foran estruturando sobre os descubrimentos e a expansión territorial entre os mozos portugueses, mentres que Luis Vidigal aborda o mundo imaxinario deseñado nas obras literarias desde este ángulo do que vimos falando, e Fernando Costa estudia aquí a actuación complementaria das asociacións xuvenís para a transmisión da memoria histórica oficial ligada aos valores patrióticos e nacionalistas.

Noutro enderezo, tendente a reavaliación histórica da materialización das prácticas educativas podemos situar a monografía coordinada por Rogério Fernandes e Margarida Louro Felgueiras *A Escola Primária: entre a imaxe e a memoria* (Porto, 2000), que se inscribe no “Proyecto Museu Vivo da Escola Primaria”, onde distintos autores se aproximan aos fenómenos museolóxicos, aos filtros da memoria, e aos “rexistros” da historia, ao tempo que se expoñen as experiencias e proxectos museísticos en curso tanto no Brasil, como en España e en Portugal.

Queremos, finalmente, referirnos asemade á monografía, densa, atemperada e literariamente forte, que preparou António Gómes Ferreira baixo o título *Gerar, Criar, Educar. A crianza no Portugal do Antigo Régime* (Quarteto Ed., Coimbra, 2000), na que o autor revisa as concepcións ideolóxicas, as prácticas e as recomendacións canónicas que no Portual do Antigo Régime imperaban en canto á xestación e condicións de nacemento dos nenos e das

nenas, ao cuidado do corpo, aos afectos paterno-filiais, aos castigos, aos tempos da vida, e as idades de aprender, entre outros de parella relevancia, todo o que lle permite trazar os rasgos dunha infancia fortemente condicionada e distanciada da que sería posible en tempos posteriores. Novas temáticas, novas miradas... e novas formulacións da historia educativa portuguesa, tan próxima a nós.

Antón Costa Rico

SÁNCHEZ ARBÓS, M.: *Mi diario. Zaragoza, Diputación General de Aragón y Caja de Ahorros de la Inmaculada, 1999, 192 pp*

...Estos días azules y este sol de la infancia...

Así escribía un día en un pequeno e viejo cuaderno de bolsillo Antonio Machado, evocando su infancia sevillana. Y lo hacía en Collioure, nada más pasar la frontera catalanofrancesa, en el exilio de 1939, después del gran cataclismo, tras el gran desastre...

Y así me suenan a mi las páginas vocacionales, entrañables y temblorosas del amoroso *Diario* de María Sánchez Arbós, maestra de maestras en el Madrid azul y velazqueño de principios de siglo, en el Madrid luminoso y esplendente de los años republicanos e incluso en el Madrid ruidoso y fascista de la posguerra. Porque la experiencia honda, transparente y cargada de futuro de 1931 a 1936 se quedó en el cielo de la vida nueva de los pueblos de España, brillando como una estrella inmarcitable y eternamente refulgente. Y allí sigue esperándonos junto a la bandera tricolor republicana, intensamente roja, levemente amarilla, morada y sufrida como nuestras penas...

He aquí un gran libro de pedagogía. He aquí a una maestra auténtica en acción. Reflexiones

morales, enteras y verdaderas, capaces de cruzar todos los mares del éxito y de la derrota, los momentos mejores y los peores tiempos. Meditación hondísima y crudamente realista. Una manera auténtica y tenaz, una manera misionera y popular de vivir aquella gran experiencia del Madrid transparente, del Madrid goyesco, del Madrid resistente, tan distinto ¡ay! del que vendría después y del que se lamentarían tantos (pensamos en el Madrid que pudo ser -la "España que pudo ser", como escribía recientemente Carmen de Zulueta-).

He aquí, pues, un trabajo delicado de un grupo de compañeros y compañeras de la Universidad de Zaragoza. ¡Y qué hermoso el título de la colección: "Aragón en el aula"! La mejor invitación a la lectura atenta y al trabajo educativo.

Recuerdo que en el Madrid de los últimos cincuenta todavía se podía sentir el hálito de la República reciente y de la guerra... Por ejemplo, allí mismo, en Cuatro Caminos, donde tienen lugar algunas de las vivencias más intensamente sentidas por María Sánchez Arbós... Aún era posible entonces, en aquellos sombríos cincuenta, revivir los afanes y las emociones del Cuatro Caminos popular, los "vivas" a la República y el ruido de los aviones fascistas bombardeando al pueblo... Los que todavía pudimos percibir el fulgor de aquella estela de sangre y fuego, viviremos ya para siempre con una sombra en la mirada y un peso inexplicable en el corazón.

Hermínio Barreiro

LOPEZ MARTIN, R.: La escuela por dentro. Perspectivas de la cultura escolar en la España del siglo XX, Valencia, Universitat de Valencia, 2001., 246 pp.

Lamentablemente, en Ciencias sociales ha sido una práctica frecuente dejar de investigar lo importante para investigar lo posible. Por esta razón, se han realizado investigaciones sobre aquellos aspectos de la realidad que, en principio, resulta más sencillo indagar. Otra cosa es la utilidad posterior de este tipo de estudios e investigaciones.

La propuesta del profesor López Martín es justo la contraria: investigar en la complejidad, investigar para entender por dentro, para iluminar parcelas de la realidad pedagógica, para interpretar algunos aspectos de la cultura escolar que habían pasado desapercibidos. Aún habrá quien piense que este tipo de investigaciones dirigidas a lo concreto, a lo cotidiano, a las rutinas diarias no pueden abordar los grandes problemas educativos de una época, pero en Sociología, en Antropología y en el estudio de las organizaciones escolares estos enfoques etnográficos han desvelado pautas, códigos, costumbres, creencias, valores, percepciones de los protagonistas que otro tipo de metodologías no podían mostrar. Para iluminar la realidad y para entender la cultura y las prácticas escolares es preciso entender la escuela como un ecosistema social: descubrir sus normas y sus rutinas, su gramática espacial, su propia estructuración del tiempo, sus códigos visibles e invisibles de comportamiento, etc.

Ramón López Martín ha seleccionado tres momentos claves de la historia de la educación española del siglo XX: los inicios de una preocupación técnica por la pedagogía en la escuela primaria (1900-1936), la modernización pedagógica en la España de los 60 y de los 70 -que incluye la revolución pacífica y silenciosa de la Ley General de Educación- y la cultura escolar en la España de

la democracia. Cada uno de estos tres momentos- con sus rupturas y continuidades- se analizan desde tres perspectivas diferenciadas: las propuestas teóricas o científicas (códigos pedagógicos), las perspectivas jurídicas (normas legales) y los requisitos del trabajo diario (realidad práctica). Además se incluye un texto representativo de cada una de esas tres épocas.

Entender la cultura escolar del siglo XX es un propósito tan ambicioso como apasionante. El siglo que acaba de terminar es un tiempo convulso, lleno de contradicciones, una época en la que se suceden la modernización pedagógica, el tiempo de la gran ilusión, el traumático fin de la utopía que supuso la guerra civil, la terrible e implacable depuración de las ideas y las personas, el éxodo de la pedagogía, la difícil recuperación del patrimonio pedagógico, etc. Y en este contexto podemos preguntarnos, entre otras cosas, ¿cuál era la realidad cotidiana de las escuelas?, ¿cómo vivieron aquellos alumnos su experiencia escolar?, ¿qué mecanismos de resistencia utilizaron los docentes para escapar del control de las normas, para ejercer, en definitiva, su autonomía?, ¿qué se escondía bajo el discurso oficial? ¿y los recursos?.

Estamos ante una propuesta global sobre fuentes, objetivos, metodología de la investigación histórica; porque para entender la escuela, para iluminar a la escuela por dentro, hay que recurrir a textos y no a los textos ministeriales o a las teorizaciones de personajes influyentes, sino a los textos de maestros, de alumnos, al testimonio y a la opinión, en definitiva, de los protagonistas de la realidad escolar que son, paradójicamente los grandes olvidados. En resumen, esta obra ofrece una propuesta sugerente que anima, seguro, a emprender estudios con perspectivas nuevas.

Victor M. Juan Borroy

DEL POZO ANDRÉS, M. M.: Currículum e identidad nacional.

Regeneracionismos, nacionalismos y escuela pública (1890-1939). Madrid, Editorial Biblioteca Nueva, 2000.

La colección "Memoria y crítica de la educación" de la editorial Biblioteca Nueva, dirigida por Agustín Escolano Benito, ha publicado hasta ahora cuatro títulos: *Tiempos y espacios para la escuela*, del mismo Agustín Escolano, *La institución Libre de Enseñanza. Un proyecto de reforma pedagógica*, de Antonio Molero Pintado, *La cultura escolar en Europa-Tendencias históricas emergentes*, coordinado por Julio Ruiz Berrio y el que ahora nos ocupa, *Currículum e identidad nacional. Regeneracionismo, nacionalismos y escuela pública (1890-1939)*, de María del Mar del Pozo Andrés. Cuatro títulos que son una excelente carta de presentación de esta nueva colección educativa que colabora a dar a conocer la memoria de nuestra educación y de nuestra escuela.

A escaso tiempo de la celebración del centenario del noventa y ocho, evento tan prolijo en actos conmemorativos de toda índole, incluidos los educativos, reconstruyendo y analizando la coyuntura finisecular, ve a la luz la obra más interesante escrita en el ámbito pedagógico que se ocupa de reinterpretar y valorar el discurso pedagógico del regeneracionismo español, de analizar sus más importantes realizaciones prácticas y de estudiar la recepción y asimilación de estas ideas por el colectivo docente que es quien debe transmitir y llevarlas a la práctica escolar. Todo ello, en el marco de las respuestas educativas que ante una crisis política y social generalizada proyecta el movimiento regeneracionista en otros países de Europa, y de las corrientes educativas y de los cambios cambios sociales que se producen en el contexto europeo y americano de principios de

siglo. Precisamente, entiende la autora que el gran logro del movimiento regeneracionista fue permitir la realización de medidas y reformas suficientemente reconocidas en Europa y absolutamente necesarias, pero que nadie se había interesado en aplicar.

Desde este planteamiento, María del Mar del Pozo, Catedrática de Escuela Universitaria en la Universidad de Alcalá de Henares, realiza un fino análisis de los distintos discursos del regeneracionismo español, origen de las variadas propuestas que se ofrecen desde el ámbito educativo para resolver el problema de España. Más conocidas las propuestas de tipo cuantitativo, las cuales presentaban la necesidad de extender la enseñanza primaria a toda la población y de ampliar el número de años de obligatoriedad escolar, la obra presta una mayor atención a las alternativas que apuestan por elevar la calidad educativa en España. Alternativas ambas, no excluyentes sino complementarias, implicadas en el proyecto de reconstrucción nacional que necesariamente, mediante la educación, debía pasar por conseguir un "hombre nuevo".

En primera instancia la obra se centra en las soluciones más importantes que se ofrecieron en las primeras décadas del siglo veinte para la escuela española: la graduación escolar, sistema que se convierte en el emblema de la "escuela nueva", de la nueva "escuela nacional", y el enciclopedismo como plasmación del ideal regeneracionista de la "educación integral". Respecto a la escuela graduada, percibida como la enseña de la regeneración española, ya contamos con interesantes trabajos de reciente factura entre los que destaca la obra de Antonio Viñao: *Innovación pedagógica y racionalidad científica. La escuela graduada pública en España* (Madrid, Akal, 1990); la aportación más interesante que la autora realiza en este

aspecto es descubrir la influencia del modelo francés y norteamericano en el sistema de graduación que se implanta en España, consecuencia de la europeización educativa que vive el país. El nuevo diseño curricular (Plan de 1901) además de incorporar nuevas materias a la enseñanza primaria (Trabajos Manuales, Educación Física, Canto, Dibujo, Derecho Administrativo y Economía Política) introduce dos conceptos-fetiché del regeneracionismo escolar: la enseñanza cíclica y la concentración de materias. De las nuevas asignaturas se presta mayor atención a las más emblemáticas del curriculum regeneracionista: los Trabajos manuales, de moda en Europa y Estados Unidos, dirigidos a la preparación de la lucha por la vida y considerados un elemento igualador de las clases sociales, los Ejercicios Corporales como camino para la "regeneración física de la raza" y el Canto considerado un instrumento valioso para la reconstrucción de la identidad nacional desde la escuela.

La última parte del libro la dedica María del Mar del Pozo a desentrañar el papel que asigna el movimiento regeneracionista a la escuela en la formación o reconstrucción del carácter, del espíritu nacional de los jóvenes, que o bien se percibía como inexistente o bien se veía degenerado y empequeñecido por razones históricas o psicológicas. Sin duda es la parte más sugerente de la obra, la que con indudable acierto incide en el protagonismo de la escuela en la construcción y evolución de las distintas identidades nacionales (se echa en falta la gallega). La autora muestra cómo la institución escolar se convirtió en caja de resonancia de los diferentes modelos de nacionalismo español que se agitaban en el seno de la sociedad de entresiglos. El debate sobre la formación conveniente del "nuevo español" en el sentimiento

patrio o en las virtudes cívicas, se trasladó al currículum (asignaturas tales como la Historia de España, la Geografía y los Rudimentos del Derecho vehicularon las imágenes de los nacionalismos emergentes), a la celebración de actividades extraescolares de carácter público, a la organización de lo que hoy llamaríamos “educación no formal”, a la elaboración de libros de texto, al empleo de determinados símbolos dentro del aula o a la idoneidad de los maestros como ejemplo para las jóvenes generaciones. La Fiesta del Arbol, la lectura del Quijote, la Fiesta de la Raza, los Batallones escolares, la bandera española en la escuela... son expresiones escolares o extraescolares de distinto signo nacionalista impulsadas en las primeras décadas del siglo. La escuela se convirtió en el canal de transmisión de las nuevas imágenes nacionalistas (tanto del nacionalismo español como de los nacionalismos periféricos) y desempeñó un papel de primer orden en la gestación del modelo de nacionalismo integrista que se fue definiendo en las primeras décadas del siglo XX hasta encontrar su expresión más depurada en el primer franquismo. Asimismo la escuela fue el marco adecuado para realizar los primeros ensayos de educación democrática en España.

En definitiva, un magnífico libro para bucear en nuestro pasado más próximo y comprender mejor nuestro presente.

Carmen Benso Calvo

RUIZ BERRIO, J (ed.): La cultura escolar de Europa. Tendencias históricas emergentes. Madrid, Biblioteca Nueva, 2000, 332 pp.

Nestes tempos de dúbidas e incertezas, a perspectiva “cultural” semella querer desprazarse á “social” en diferentes campos de estudio, e tamén no da historia da educación. Abonda ollar os títulos dalgúns libros que veñen de aparecer fóra das nosas fronteiras, como o de Sol Cohen (*Challenging Orthodoxies. Toward a New Cultural History of Education*, New York, Peter Lang, 1999) ou o coordinado Tomas S. Popkewitz, Migel A. Pereyra e Barry M. Franklin (*Cultural History and Education. Critical Essays on Knowledge and Schooling*, New York, RoutledgeFalmer, 2001), no que por certo participan dous españois (Julia Varela e Antonio Viñao), ademais de selo así mesmo un dos editores. Pero tamén en España están aparecendo estudos que sitúan o cultural nun primeiro plano, como é o caso do libro de Ramón López Martín (*La escuela por dentro. Perspectivas de la Cultura Escolar en la España del siglo XX*, Valencia, Universitat de València, 2001), ou o que agora nos ocupa, ademais doutros artigos na mesma liña.

Dada a diversidade de significados do termo “cultura”, que ten sido conceptualizado desde diferentes perspectivas, resulta necesario clarificar, de entrada, que se entende por tal. Julio Ruiz Berrio, o editor do libro, que ten a súa orixe nun curso de verán celebrado no Escorial en 1997 baixo a súa dirección, recorre á definición de cultura escolar proposta en 1995 polo francés Dominique Julia: “un conjunto de normas que definen los saberes a enseñar, los comportamientos a inculcar y un conjunto de prácticas que permiten la transmisión de esos saberes y la incorporación de estos comportamientos,

estando orientadas estas normas y prácticas a finalidades que pueden valer según las épocas -finalidades religiosas, sociopolíticas o simplemente de socialización" (páxs. 11-12).

Os once traballos que integran o libro abordan diversos aspectos da "cultura escolar" entendida nun sentido amplo ou relacionados con ela, e foron agrupados polo editor en cinco partes: o tempo escolar, o currículo, os manuais, fontes para unha historia da cultura escolar e tendencias emerxentes en historia da educación.

Marie-Madeleine Compère, especialista no tema, é a encargada de ilustrarnos sobre "a historia do tempo escolar en Europa". Un concepto central na definición da escola, pois delimita o inicio, a duración e a asiduidade da escolarización de alumnos e alumnas, o calendario e o horario das escolas e sirve para organizar as actividades que se realizan nas clases. A autora salienta, ao meu entender con plena pertinencia, a necesidade de tomar en consideración todo tipo de prácticas escolares, e non só as promovidas polas elites: "Los hombres de Estado y los pedagogos, instauradores de la escuela, despreciaron de buena fe las escuelas que encontraban en los pueblos incluso en aquellas zonas donde existían desde hacía siglos, calificándolas de 'insuficientes', 'atrasadas' y 'bárbaras'" (páx. 31).

Das dúas aportacións sobre o currículo, a primeira, que leva por título "a construción das disciplinas escolares en Europa", é da autoría doutro importante especialista francés en historia da educación, Dominique Julia, e a segunda, titulada "xénero e discriminación curricular na España decimonónica", é obra da profesora Pilar Ballarín, que ten realizado diversas incursións neste eido. Julia subliña o interese serodio dos historiadores da educación polas disciplinas escolares, se ben o seu estudio coñeceu

un importante pulo nos últimos anos. Ao seu entender, as disciplinas deben ser consideradas desde tres perspectivas intimamente vencelladas e que interactúan entre si: "las finalidades obvias o implícitas perseguidas, los contenidos de enseñanza y la apropiación realizada por los alumnos tal como ésta puede medirse a través de sus trabajos y ejercicios" (páx. 60). Pilar Ballarín, pola súa banda, despois de expoñer as bases ideolóxicas da discriminación escolar en función do xénero, analiza a súa concreción na España do pasado século: consideración da educación das mulleres como un asunto privado máis que público, insistencia da dimensión moralizadora que debe ter a súa educación e currículo escolar específico, orientado á súa formación para desempeñar funcións domésticas.

Os manuais escolares son abordados por outro especialista francés, Alain Choppin. Partindo dunha cita de Talleyrand, defíneos como ferramentas pedagóxicas destinadas a facilitar a aprendizaxe, depósitos do saber considerado válido nun determinado momento e medios de comunicación masivos e uniformadores, subliñando igualmente a súa condición de produto da industria editorial e a importancia que teñen como fonte histórica, malia a escasa utilización dos mesmos ata datas recentes. A continuación ofrécenos algunhas orientacións para o seu estudio, revisa as liñas de investigación en Francia e remata trazando unha breve historia do libro escolar neste país.

A parte adicada ás fontes é a que reúne máis aportacións. Iníciase cun novidoso e extenso traballo de Antonio Viñao Frago, "autobiografías, memorias e diarios como fonte histórico-educativa", que fora publicado inicialmente nas páxinas desta mesma Revista (nº 3, 1999). Nel ofrécese unha tipoloxía deste tipo de fontes, ás

que a historiografía actual presta unha especial atención, dado que constitúen unha base fundamental para a análise da experiencia escolar e educativa, e apúntanse algunhas das súas posibilidades. Prosegue cunha breve colaboración de Bernabé Bartolomé Martínez sobre as fontes de orixe eclesiástico e a súa aplicación histórico-educativa, e outra máis extensa de Juan Antonio García Fraile sobre a historiografía da educación popular, sinalando algunhas das múltiples manifestacións deste tipo de educación. Remata cunhas reflexións de Antonio Molero Pintado arredor da “cultura escolar como obxecto histórico”, nas que despois de recoñecer a complexidade do concepto, conclúe afirmando que posiblemente estea chamado a hexemonizar a investigación nos próximos anos.

Jürgen Schreier analiza a configuración das ciencias da educación en Alemaña e Francia, tomando como base as citas de autores aparecidas en determinadas publicacións periódicas. A principal conclusión que extrae dos seus datos é que mentres o modelo pedagóxico alemán está concentrado nun reducido número de autores de referencia, nucleado arredor da reflexión filosófico-hermenéutica, que lle confire un sentido unitario, e fortemente ancorado na tradición, no francés existen máis autores de referencia, apertura multidisciplinar, que conduce á fragmentación do saber pedagóxico, e interese polos autores actuais. As diverxencias explicaríanse en virtude das diferentes “colacións de discursos” que presiden a institucionalización das ciencias da educación nun e noutro país.

Julio Ruiz Berrio ocúpase dos “novos enfoques na historia do pensamento pedagóxico”. Unha vez constatado o relativo abandono do mundo das ideas pola historia da educación “revisionista” que tende a impoñerse a partir dos anos sesenta, en beneficio dunha investi-

gación cada vez máis centrada nas prácticas, reclama a necesidade de recuperar este campo de traballo, se ben dende outras perspectivas. Trataríase agora non de considerar unicamente as ideas dos grandes autores, senón o conxunto dos discursos que se producen arredor da educación, e non de forma illada, como tamén acontecía na historiografía tradicional, senón na súa relación coas prácticas educativas, tendo en conta o valor conformador dos discursos, e de facelo ademais de forma que se ilumine a problemática educativa actual: “De esta forma, la historiografía de las ideas alcanza una tercera fase, que viene a ser una superación y un reencuentro con la segunda. Desde las primeras historias de las ideas, en las que se las consideraba aisladamente, con una entidad suficiente, se pasó a prestar gran atención a los contextos en los que se habían producido, dentro de una clara línea de historia social, para en la última década centrarse en la cultura de la sociedad, lo que permite, siguiendo a Chartier, hablar de una *historia cultural de lo social*” (páx. 285).

Por último, Agustín Escolano trata sobre “a historia da educación despois da modernidade” -temática da que xa se tiña ocupado nun monográfico de *Paedagogica Histórica* (1996)-, aínda que non deixe de interrogarse se estamos na “posmodernidade”, como din uns, ou na “alta modernidade”, como perciben outros. Sexa como for, o certo é que a nosa disciplina non é indiferente, non pode ser indiferente, aos novos rumbos historiográficos, por máis que nunca fose dada a adoptar “paradigmas en el sentido fuerte del término” (páx. 311). Neste sentido, Escolano conclúe que “no es fácil percibir si la nueva historia de la educación se ha incorporado a las tendencias historiográficas derivadas del posmodernismo, aunque la presencia de ciertos temas y líneas de investigación en nues-

tra disciplina sí parece sugerir que algunas de las actuales prácticas de estudio se muestran afines con los nuevos estilos narrativos" (páx. 320).

Benvido, pois, este libro ao panorama historiográfico español. As múltiples interrogantes que o presente suscita sobre o sentido da investigación histórica, e por extensión histórico-educativa, requiren dos que traballamos neste campo capacidade de resposta e de renovación. E nas colaboracións aquí reunidas polo profesor Julio Ruiz Berrio poderán atoparse algúns elementos que nos axuden a camiñar nesa dirección.

Narciso de Gabriel

CONDORCET: Cinco memorias sobre la instrucción pública y otros escritos. Madrid, Ediciones Morata, 2001, 338 pp.

!Por fin temos xa un traballo completo en español sobre o cumio histórico-educativo da Revolución Francesa de 1789; Falamos, naturalmente, de Condorcet. Das *Cinco memorias sobre la intrucción pública*. Pero tamén do *Rapport*, do célebre *Informe sobre la organización general de la Instrucción pública*, de 1792. Do que, en definitiva, será emblema e referente da educación pública da época contemporánea no mundo enteiro. Falamos, en fin, de practicamente todos os escritos pedagóxicos do último gran ilustrado francés. Temos, pois, diante de nós a obra do gran matemático, xurista e consecuente político revolucionario republicano, o Marqués de Condorcet, Jean Antoine Nicolas de Caritat; un home procedente da aristocracia, pero a partir de certo momento, entregado en corpo e alma ó gran proceso sociopolítico que vive Francia- e por extensión, Europa enteira- e mesmo mártir da Revolución.

Edición de Morata preparada con esmero polo noso compañeiro Narciso de Gabriel, que ven cubrir unha imperiosa necesidade histórico-educativa... Pero, por fin, xa está aquí. Fixo Narciso un estupendo traballo. Está recollendo os froitos da súa estadía en París hai dalgúns anos, pero tamén da súa tenacidade e do seu empeño no estudio da historia da educación francesa da revolución- unha vangarda, un exemplo, un fito-. Velaí unha especialización de calidade que o noso colega da Universidade da Coruña xa trae de lonxe.

Temos, por tanto, fresquiña e recién saída, en español, a obra densa, republicana, laica, popular e democrática condorcetiana. !Que placer! !Que ledicia! ¡Todos os grandes textos de Condorcet xa están aquí! Aquí está, sempre viva e palpitante, a súa reflexión profunda sobre o concepto mesmo de *instrucción publique*. Aquí están, naturalmente, as súas hábiles consideracións sobre a educación como un dereito e as características dominantes do que deberan ser os *sistemas educativos* do noso tempo. E aquí están ¡como non! todas as disquisicións pormenorizadas sobre a poboación escolar, sobre os niveis educativos, sobre o papel do estado, sobre as liberdades de expresión e de doutrina, sobre o universo educativo, en fin.

Celebramos como se merece esta publicación. Empreguemos esta obra espléndida como consulta sistemática para os nosos traballos pedagóxicos. Leamos a Condorcet por placer... Ficaremos máis informados. Saberemos mellor cara onde tirar. Estaremos moito máis no noso...

Hermínio Barreiro.

RABAZAS ROMERO, T.: *Los manuales de Pedagogía y la formación del profesorado en las Escuelas Normales de España (1839-1901)*. Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Serie "Proyecto MANES", 2001, 453 pp.

El libro escrito por Teresa Rabazas Romero, profesora de la Universidad Complutense de Madrid, es fruto de su tesis doctoral, por la que obtuvo el Premio Extraordinario de Doctorado. Ello, sin duda, es ya una buena carta de presentación de este trabajo que ve la luz en la Serie "Proyecto MANES" de la Universidad Nacional de Educación a Distancia.

La obra viene a cubrir el vacío existente en cuanto a la formación pedagógica –también llamada profesional– recibida tanto por el profesorado normalista como por el magisterio primario, en sus niveles elemental y superior, desde que se institucionaliza la formación de los maestros y maestras en el siglo XIX hasta las reformas en educación realizadas a la entrada del siglo XX. La investigación centrada en el magisterio primario y las normales en España estaba en deuda con un trabajo de esta índole que permitiera conocer el carácter de formación que recibieron nuestros maestros al compás de los ritmos políticos que vive el azarado siglo diecinueve y de las corrientes pedagógicas introducidas y difundidas en España por los sectores más representativos de la pedagogía oficial en cada etapa política. El diverso contenido pedagógico que vehiculan las obras, así como la ideología que subyace en ellas, repercutirá en el tipo de formación recibida, tendrá una significativa incidencia en la vertiente teleológica como en la metodológica y didáctica que recibe el profesorado en formación, y será determinante en el mismo proceso de profesionaliza-

ción en el que está implicado el magisterio primario de la época. Así mismo, el estudio de los manuales de Pedagogía permite detectar las corrientes hegemónicas de la Pedagogía española que se suceden a lo largo del siglo etiquetadas, muy acertadamente por la autora, de "tradicional", "liberal", "neoidealista", "positivista" y "eclectica".

El libro se estructura en dos partes diferenciadas, correspondientes, como indica la autora, en las dos fases de la investigación llevada a cabo. En ambas se utiliza la técnica del análisis de contenido convenientemente adaptada a los objetivos que se pretenden. La primera, denominada externa, está centrada en la catalogación y localización de los libros, oficiales y no oficiales, que han servido de texto y de consulta en las Escuelas Normales. Ello ha permitido realizar un análisis exhaustivo de este material, acompañado de los correspondientes cuadros y gráficos, mediante el cual se precisa la autoría de los textos, la producción editorial de manuales en cada período y el área de influencia de cada uno de ellos. Se completa este análisis con el catálogo bibliográfico completo que figura en el anexo de la obra, realizado según los campos establecidos por el Proyecto MANES para la confección del censo de los manuales españoles.

La segunda parte, más extensa, se orienta al análisis interno de las obras, clasificadas por periodos y corrientes pedagógicas en las que se inscriben. En ella, partiendo del estudio de las principales unidades temáticas establecidas, se realiza un análisis cualitativo de las mismas, con especial incidencia en los libros más representativos, y de mayor influencia, en cada uno de cuatro periodos históricos que se establecen: primera mitad del siglo XIX, decenio comprendido entre 1857 y 1867, Sexenio democrático y primera Restauración.

Teresa Rabazas ha desvelado con gran precisión y claridad conceptual, las ideas pedagógicas subyacentes en los textos de Pedagogía, las influencias recibidas en cada uno de ellos de la pedagogía exterior y de la nacional, su implicación con la orientación política del momento y la influencia del curriculum pedagógico en la línea de las conquistas profesionales del magisterio. Especial interés ofrece el análisis exhaustivo que se realiza de los textos pedagógicos más representativos del siglo diecinueve, sin duda los que más peso dejaron en el pensamiento y en las prácticas pedagógicas de los primeros maestros y maestras titulados en España.

Carmen Benso Calvo

RIVAS BARRÓS, S.: A derradeira lección dos mestres, Xerais, Vigo, 2001.

Baixo un título quizais excesivo para esta obra, pero que en todo caso quere render homenaxe a Castelao e a aqueles mestres e mestras que máis avanzaron na galeguización e no activismo pedagóxico antes de que chegaran as sombras do 36, a autora procura realizar un estudio analítico, descriptivo e interpretativo do pensamento educativo e das prácticas pedagóxicas afirmadas e/ou inspiradas polo movemento galeguista ao longo do primeiro tercio do século XX.

Con esta intención, e supoñendo por parte dos lectores un suficiente coñecemento dos elementos articuladores da sociedade galega de aquel momento, estrutúrase a monografía en seis capítulos, que substancialmente pretenden mostrar: o que era o galeguismo como expresión política e organizada, o que foron as súas propostas no campo educativo, e a consistencia das prácticas educativas galeguizadas, conformándose así un texto de 226 páxi-

nas, que se completa cunha suxerente e atinada escolma de textos, un curioso apéndice gráfico e as oportunas indicacións bibliográficas, en tanto que o sinalamento das fontes documentais se realiza ao longo do texto mediante notas a rodapé.

Tocantes á primeira cuestión relativa á xénese e desenvolvemento do galeguismo, que é presentado (en palabras dos historiadores Beramendi e Nuñez Seixas) como un movemento social que encarna o longo proceso de reivindicación política de Galiza como ente nacional diferenciado no marco español e internacional e como un corpo de ideas de xustificación de tal reivindicación nacionalitaria, a autora realiza unha síntese decriptiva mostrando unha periodización canónica das etapas de desenvolvemento deste movemento que veu dar ao nacionalismo político da IIª República, tomando para isto en consideración a diversidade de aportacións historiográficas realizadas ata o momento.

En canto ás propostas educativas do galeguismo, a autora procura focalizar tres grandes aspectos como aqueles nos que se pode observar o pensamento do galeguismo: o relativo ás condicións de escolarización primaria, a deseñable galeguización lingüística da acción educativa, e a galeguización e apertura ao contexto social e cultural dos contidos de aprendizaxe.

En efecto, en torno á densa problemática da escolarización primaria, sobre todo no espazo rural (que ten sido analizada, entre outros, por Narciso de Gabriel, Antón Costa e Vicente Peña) deixáronse sentir con insistencia as opinións e as voces –e non foron as únicas– do galeguismo, anque sen chegar a construír un discurso programático de suficiente solidez. Unha maior articulación tiveron, en cambio, as

propostas referidas á galeguización lingüística e curricular –tanto na escola como na Universidade, anque non no ensino medio–, baixo a fórmula xeral do bilingüismo, en concordia co uso académico do castelán. Sinala a autora que sobre a cuestión foron escritos abondosos textos, tanto de ensaio –e sen dúbida creo que os máis singulares son os de Xoán Vicente Viqueira–, como de carácter programático, en todo caso sempre breves e excesivamente esquemáticos na súa formulación. Textos con distinto alcance no grao demandado de galeguización –extremo que se podería precisar máis no presente libro–, desde o máis difuso e tenue anterior ás posicións da Asamblea Nacionalista de Lugo de 1918, ata o máis definido, expresado mediante textos de ensaio elaborados no tempo da IIª República; ou tamén desde o alcance máis tenue expresado por un galeguismo político conservador e elitista, ata o máis decidido expresado por un galeguismo de esquerdas e socialmente transformador.

Tocantes ás realizacións, a autora máis que facer unha anotación descriptiva de todo aquilo que deu testemuño da galeguización escolar e universitaria, que xa se ten exposto en investigacións anteriores, preferiu, creo que con bo criterio, centrar a súa atención no que foron as Escolas do Insiño Galego da Coruña (1924-1930) e na biografía da mestra Elvira Bao e do inspector Roxerius, exemplos que dan corpo ao pensamento educativo do galeguismo que aquí se estudia.

Esta obra de Sabela Rivas pon así de relevo como algunhos dos compoñentes máis notables da educación foron contemplados como unha mediación activa ao servizo do proceso galeguizador e democratizador dunha sociedade cunha vella identidade social e cultural. O que aquí se mostra –e ao que xa se tiñan ache-

gado con diversas calas Carme Hermida, Antón Costa, Narciso de Gabriel e Capelán Rei, como a propia autora recollen de manifesto, sen embargo, que o galeguismo non chegou a dotarse corporativamente e como corrente social e política organizada dun pensamento educativo suficientemente obxectivado e sistemático, con posicións sobre cuestións que afectaban –e aínda o fan– aos nervos filosóficos dunha alternativa dada de política educativa. O que non obsta para recoñecer que desde o galeguismo se demandou a constitución dun poder político galego (autonomista/federalista) con competencias no campo educativo, que desde el se manifestou repetidamente a necesidade de introducir a aprendizaxe da lingua, da literatura, da historia, da xeografía e da economía de Galicia, e que tamén desde as posicións galeguistas se levaron a cabo diversas prácticas de galeguización lingüística e curricular en todo o sistema educativo de Galicia, en coincidencia aquí coas iniciativas impulsadas desde outros sectores progresistas e renovadores presentes na educación galega.

En descargo da limitación do discurso galeguista, quizais sexa oportuno salientar que un tal pensamento alternativo tampouco o chegaron a formular na España da época outros sectores políticos, con excepción do PSOE e do catalanismo.

¿Hai máis por dicir nesta procura de análise do pensamento educativo do galeguismo presente no estudo de Sabela Rivas? Quizaves non, se ben votanse a faltar algunhas cousas: unha maior riqueza interpretativa que conectase criticamente discursos educativos coas etapas e rasgos definitorios do discurso político do galeguismo; unha maior precisión a fin de non incorporar ao discurso educativo do galeguismo referencias que estrictamente non lle corres-

ponderían, precisión tamén nalgúns casos en relación ás responsabilidades administrativas de algúns ensinantes; e mesmo unha procura analítica e interpretativa de algúns "silencios" do pensamento educativo do galeguismo: a escola unificada, e coeducación, o laicismo, unha global reforma curricular,... entre algúns outros temas.

Dito esto, é de sinalar que estamos ante unha obra de interese, que dá centralidade de tratamento ao galeguismo en relación coa educación, superando por iso as anteriores calas, e que tanto a través do texto como dos seus anexos nos achega a todos ao reto de galeguizar o sistema educativo, amosandonos unha parte considerable da problemática que arredor disto se suscitou nas primeiras décadas do século XX.

Antón Costa Rico

URÍA, J. (Coord.): Institucionismo y reforma social en España. El Grupo de Oviedo. Madrid, Talasa, 2000, 330 pp.

Las precisiones hechas en las páginas de presentación del libro acerca de la denominación de "grupo", si no incrementan la consistencia de la denominación, justifican y documentan ésta para referirse no sólo a la famosa "trípode pedagógica" —Adolfo Buylla, Aniceto Sela y Adolfo Posada—, apelativo acuñado por el periódico *La Cruz*, sino también al resto de profesores del claustro ovetense —Rafael Altamira, Leopoldo Alas, Fermín Canella, etc.— y a otros profesionales —el médico Arturo Buylla, por ejemplo— en cuanto que elenco de individuos que interactúan y convergen para conseguir unos objetivos. La labor de *reforma social* que todos ellos desarrollan es el aglutinante de la docena de trabajos, coordinados por Jorge Uría, que se recogen en este libro y

que son uno de los frutos de la investigación y del intercambio de opiniones entre los autores durante un curso de verano de la Universidad de Oviedo en el mes de julio de 1997. Cada uno de los protagonistas invocó, más o menos veladamente, a la educación —"tópico de moda", al decir de Sela— como el instrumento que haría factible la transformación de la sociedad española.

El primer capítulo de los tres que conforman el libro reúne cuatro trabajos bajo el denominador común de "cuestión social, reformismo y republicanismo". Abre este bloque el trabajo de Sisinio Pérez Garzón, rastreando el republicanismo como alternativa social y democrática dentro del Estado liberal que cobija, desde 1837 hasta la actualidad, alternativas sociales y políticas a veces contradictorias. Sin embargo, en cualquier tiempo la cuestión social es un tema clave y Pérez Garzón muestra como el republicanismo no aspira sólo a la justicia social sino que plantea un programa educativo, cultural, político y económico distinto del pensamiento liberal. La ley reglamentando el trabajo y la instrucción de niños obreros durante la primera república o las escuelas de adultos, son muestras del empeño en esa línea, que ejemplifica también el protagonismo de la instrucción pública para conseguir el progreso social y una sociedad libre e igualitaria.

Manuel Suárez Cortina aborda las relaciones entre el reformismo laico y la "cuestión social" durante la Restauración. Detectando la carencia de estudios sobre las propuestas sociales del reformismo laico, este profesor de Historia Contemporánea de la Universidad de Cantabria, rastrea los fundamentos doctrinales del pensamiento social reformista, sus vinculaciones con el liberalismo europeo de entresiglos y el impacto en nuestro país para explicar su

programa social y la divulgación del ideal solidario en la política social y en la enseñanza. El reformismo, cuya imagen política fue el asturiano Melquiades Álvarez, sostenido ideológicamente por hombres vinculados a la Institución Libre de Enseñanza, a la Universidad y especialmente al Instituto de Reformas Sociales, se presentaba como una alternativa a las formulaciones sociopolíticas del liberalismo restauracionista al plantear un ideal solidarista que conjugaba los intereses burgueses y patronales con los derechos de los trabajadores y la reforma moral y económica que garantizaría la paz social.

La proyección de dos miembros del Grupo, Posada y Altamira, sobre el liberalismo reformista argentino de comienzos de siglo es el asunto que desarrolla el profesor de las Universidades de San Andrés y Nacional de Mar del Plata, Eduardo Zimmermann. Los viajes de estos profesores estaban encaminados, por una parte, a fortalecer los vínculos culturales con las naciones hispanoamericanas en un momento en que era necesario preservar la influencia cultural española frente a las pretensiones hegemónicas de los Estados Unidos y, por otra, a revalorizar las universidades e instituciones educativas argentinas, impulsar propuestas de legislación social y obrera análogas a las españolas y facilitar la integración de Argentina en organismos internacionales. El espíritu del Grupo de Oviedo, transportado por ambos profesores, deja su impronta en el reformismo liberal argentino al enlazar con la idea imperante de que la regeneración moral debía estar liderada por intelectuales y “hombres de estudio”.

Francisco Erice analiza en el cuarto trabajo el alcance y los límites de la cuestión social en la obra de Rafael M^a de Labra. Hombre polifacético y colaborador en algunos proyectos del Grupo es quizá, a juicio del autor, profesor de

Historia Contemporánea en la Universidad de Oviedo, el menos integrado debido posiblemente a la diferencia generacional, al hecho de no ser profesor universitario y a su mayor compromiso político. Erice fragmenta el análisis de la cuestión social en Labra en tres aspectos básicos: las relaciones patronos-obreros, la promoción jurídica, educativa, laboral y política de la mujer —aportación que para Erice no ha sido suficientemente valorada por los especialistas— y la renovación de la educación popular, que gira en torno a la universalización, obligatoriedad, la subsidiariedad del Estado, libertad docente, laicismo y renovación pedagógica. La actividad y eficacia de la labor propagandística de Labra le convierten en un buen exponente de las concepciones del republicanismo moderado y del programa social del krausismo.

“Teoría y práctica de la reforma social” de Posada, Buylla y Morato son analizadas en el segundo capítulo. Comienza Jorge Uría examinando la actitud respecto al conflicto social que adopta Adolfo Posada. Este profesor de Historia Contemporánea en la Universidad de Oviedo presenta las variopintas argumentaciones del Grupo y las réplicas que provocaron entre socialistas, anarquistas, grupos dirigentes, etc. y analiza la Sociología de Posada, en cuanto “ciencia social” que justificase la acción interventora. El segundo trabajo, de J. A. Crespo Cabornero, versa sobre el planteamiento que Adolfo A. Buylla hizo de la necesaria transformación para conseguir la equiparación social en el ámbito económico, jurídico y educativo. Este estudioso de la obra de Buylla quiere recuperar para éste su condición de protagonista en la historia de las ideas españolas acerca de la reforma social y destaca la coherencia entre el pensamiento de Buylla y sus actuaciones. Cierra este capítulo el trabajo de Santiago

Castillo sobre Juan José Morato. Este historiador del Pensamiento de los Movimientos Sociales y Políticos muestra a través de la figura de Morato la cauta actitud del socialismo ante experiencias de educación popular como la pionera Extensión Universitaria ovetense.

El tercer capítulo, dedicado a "las proyecciones de la reforma social" es el más directamente relacionado con la educación. El catedrático de Literatura Española en la Universidad de Toulouse-le Mirail, Yvan Lissorgues, especialista en la obra de Clarín, nos muestra el ideario educativo de Leopoldo Alas —faceta menos conocida de este profesor de la Universidad de Oviedo— documentándolo con los artículos de prensa que escribió. Aunque no forma parte del Grupo, mantiene buenas relaciones con el resto de sus colegas en el claustro, quienes se refieren a él en tono elogioso. Para Clarín la cuestión de España es prioritariamente la educación y la instrucción y no el problema económico. Denuncia constantemente el estado de la enseñanza pública, la inercia e ineptitud de los responsables de la educación nacional, la agresión a la libertad de enseñanza, la corrupción e ineptitud científica del profesorado y los modos de algunos miembros de la Iglesia en cuestiones de enseñanza a pesar de sus convicciones y sentimientos religiosos. Estas condiciones impiden, a su juicio, extender a la enseñanza pública los principios pedagógicos preconizados por Giner de los Ríos y puestos en práctica en la Institución Libre de Enseñanza a la enseñanza pública. Clarín es un reformador más realista y aún compartiendo con los institucionalistas muchos planteamientos —la prioridad en formar primero a las elites intelectual y moral y a las clases directoras que estarán al servicio de la nación, es uno— y de su amistad con Giner, manifiesta sus discrepancias en cuestiones

como la supresión de los exámenes, conformándose con que haya justicia en las pruebas, reclama un cultivo inteligente de la memoria y no sólo su destierro, etc. Esperamos que el centenario de su muerte, el 13 de junio de 2001, y los actos académicos previstos para su conmemoración sean ocasión para recuperar su actividad y pensamiento educativo.

El trabajo de Alfredo Baratas, profesor de Biología Celular en la Universidad Complutense, versa sobre la labor de un grupo de naturalistas de inspiración krausista durante el Sexenio. Orientados por la Institución Libre de Enseñanza ponen en marcha instituciones públicas de investigación y de enseñanza superior, de las que es pionera la Estación de Biología Marina de Santander (1886). La influencia y las gestiones realizadas por Giner, los pensionados en Nápoles, etc. son un ensayo práctico, a juicio de Baratas, de lo que luego será habitual en la Institución y en la Junta para Ampliación de Estudios.

La divulgación científica y sus implicaciones sociales es la cuestión que analiza Ricardo Campos Marín a partir de las campañas antialcohólicas que desarrolló el médico e higienista Arturo Álvarez-Buylla y González Alegre, hermano de Adolfo. Este investigador del Consejo Superior de Investigaciones Científicas estudia el discurso antialcohólico que la elite cultural y económica esgrimió, vinculando alcoholismo con la clase obrera, absentismo laboral, criminalidad, degeneración de la raza, etc. Estas campañas antialcohólicas pretendían disciplinar, controlar y educar al obrero con miras a mantener al armonía y el orden sociales, favoreciendo una percepción de la patología alcohólica como vicio en lugar de enfermedad. Artículos de prensa, conferencias, clases y dos monografías sobre el tema —una de ellas des-

tinada al uso escolar— son las estrategias que utilizó para combatir esta lacra en la sociedad asturiana.

Carmen García nos ilustra sobre uno de los aspectos menos conocidos de la labor de Rafael Altamira: su gestión como Director General de Primera Enseñanza entre 1911 y 1913, momento en el que intentó la solución de los problemas nacionales desde la actuación política pues ya había demostrado, en escritos y conferencias, tener un programa de actuaciones. Partidario de una escuela nacional, pública y gratuita, abogó porque el Estado asumiera todas las competencias en materia de enseñanza primaria, pagando al maestro, costeando los edificios y dotándolos suficientemente, etc. La escuela en cuanto instrumento de regeneración nacional no debía limitarse a instruir, pues parte de los males estaban provocados por la falta de espíritu patriótico y éste debía ser inculcado a los escolares para lograr la paz y la cohesión sociales. Las bibliotecas escolares que puso en marcha, el carácter técnico y profesional que dio a la Inspección, la remodelación de la Escuela de Estudios Superiores del Magisterio — se introdujo la coeducación y se dejó libertad para cursar las asignaturas de Religión y Moral, entre otras cosas— fueron actuaciones contestadas por organizaciones católicas que consiguieron forzar su dimisión. Sin embargo, su empeño no fue baldío al comenzar a subsanar varios problemas del magisterio —bajos salarios, deficiente formación, indefinición de la función inspectora, etc.— que permitieron reformas posteriores.

El texto de Aida Terrón, sabiamente enmarcado en las corrientes educativas europeas que inspiraron al Grupo de Oviedo y en el contexto educativo nacional —escasez de escuelas, inicios del asociacionismo profesional del magis-

terio, etc.—, despliega el abanico de acciones educativo-sociales de este Grupo enlazando y documentando las actuaciones que desarrolló para la formación de élites —Escuela Práctica de Estudios Jurídicos—, de cuadros intermedios —actividades de perfeccionamiento del magisterio en activo— y de sectores populares —Colonias Escolares (1895), Extensión Universitaria (1898), etc.—.

La referencia a la educación en cada uno de los capítulos como constante que puede transformar la sociedad, el entrecruzamiento de ésta con los intereses económicos y políticos, evidenciando en algunos casos las contradicciones de algún personaje estudiado y el análisis de las actuaciones y discursos específicamente educativos en diversos capítulos son algunos de los alicientes para la lectura de esta obra colectiva.

Carmen Diego Pérez

MURGUÍA, M: La primera Luz. Estudio Introductorio de Peña Saavedra, Vicente e Fernández González, Manuel. Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 2000.

A primeira edición do libro de lectura *La primera Luz* de Manuel Murguía, data do ano 1859 e foi impresa en Vigo no establecemento tipográfico de D. Juan Compañel, moi vencellado a Manuel Murguía e a súa dona Rosalía de Castro.

Murguía dedicou esta obra a súa filla primoxénita Alejandra, que nacera en Santiago o 12 de maio de 1859. De feito, o propio título da obra reflicte esta circunstancia: “Y tú, hija mía, venida ayer a este valle de lágrimas; tú, en quien pienso al escribir este libro, aprende, hija de mi alma, á amar á esta Galicia infortunada, en donde han nacido tus padres y en donde has visto la primera luz ...”.

Con todo, se revisamos outros escritos de Manuel Murguía podemos atopar con certa regularidade o emprego das metáforas das luces e das sombras ás que recorre o autor para expresar a ambivalencia que o envolve cando escribe sobre Galicia: un mundo entre a escuridade e a desexada luz. Así o reflicte nas súas *Prosas*: “¡ Ah! Devolvedme el mar y los ruidos de la playa! Como dice el poeta. Que yo vea las olas, que oiga sus graves quejidos, y que en mi presencia el sol poniente lo ilumine con sus últimos resplandores”. E continua “Y qué, Señor, ¿no habrá nunca para nosotros, ni una voz que nos despierte, ni un rayo de sol que disipe las sombras que nos envuelven?”.

Esta era a pretensión de Murguía cando publicou o manual de lectura *La primera Luz*: introducir nas escolas algúns contidos escolares que permitan ao alumnado achegarse a algúns aspectos da cultura galega. En concreto, as vinte-sete leccións que contén o texto e que sintetizan as ideas de Murguía sobre a historia, relixión, lingua e xeografía de Galicia, distribúense do seguinte xeito: a 1 e a 2, sobre a lingua galega; a 3 e 4 sobre Relixión; da 5 á 10 sobre xeografía; da 11 á 22 sobre Historia e, por último, as biografías de Santa Mariña, San Pelaio, Diego Gelmírez, o P. Feijoo e o escultor Felipe de Castro.

Escrita en castelán, esta cartilla escolar segue a nota dominante da época, conforme indica o profesor Antón Costa (1997) que establece nun 4% os materiais didácticos escritos en galego dun total de 350 documentos impresos sobre temática educativa no período de 1766 a 1936. Dato este que resulta cando menos curioso se temos en conta que nesta época predominaba o uso oral do galego en máis do 90% da poboación, o que demostra o afastamento entre o mundo escolar e a realidade social e cultural que a rodeaba.

O feito de estar escrito en castelán facilitou, sen dúbidas, a súa publicación e inclusión en abril de 1860 no listado oficial de libros de texto, aínda que as disposicións legislativas da época non favorecían o uso de materiais didácticos e prácticas escolares encamiñadas á galeguización do ensino.

Así pois, a primeira edición de *La primera Luz*, fíxose en Vigo no ano 1859. A segunda edición, con algunhas modificacións respecto á primeira, saíu das mans do editor Soto Freire na cidade de Lugo no ano 1868. Máis recentemente, foron varias as edicións facsímiles as que se fixeron desta obra de Murguía: a primeira foi a de Alonso Montero, Xesús (direc.), *M. Murguía. Política y Sociedad en Galicia*, Akal, Col. Arealonga, Madrid, 1974, pp. 151-199, onde se reproduce a edición da de 1868 e que conta cun prólogo de Castelao.

Anteriormente, este mesmo autor reproduci- ra a primeira lección desta cartilla escolar na súa obra *Informe- dramático- sobre la lengua gallega*, Madrid, Akal, 1973, pp. 159-160.

Por último, no ano 2000 saíron do prelo a edición facsímile da de 1859, publicada por Xerais e que conta cun prólogo de Xesús Alonso Montero e a edición e estudo crítico de Enrique Rabunhal Corgo e a edición facsímile da de 1868 publicada pola Xunta de Galicia.

Esta última preséntase cunha fermosa edición en dous volumes. O primeiro corresponde ao Estudio Introductorio e o segundo á reprodución de *La Primera Luz*.

O estudio introductorio que ten como autores a Vicente Peña Saavedra e a Manuel Fernández González, e o máis extenso e completo que se ten feito ata o de agora sobre esta obra de Murguía. Nel analízase polo miúdo a vida e obra de Manuel Murguía, a sociedade e

cultura galega no século XIX, a realidade escolar galega a mediados deste mesmo século, a lexislación española sobre libros de texto tamén no século XIX, unha análise de contidos de *La primera Luz*, unha escolma das críticas feitas sobre a obra e, por último, preséntasenos unha completa e pertinente selección bibliográfica.

Por outra parte, temos que destacar o apéndice gráfico co que se ilustra o primeiro volume e que nos achega, a través do mundo da imaxe, á vida cotiá galega do século XIX.

En definitiva, tanto o riguroso estudio introductorio como a propia lectura de *La primera Luz* constitúen unha valiosa aportación que enriquece a bibliografía xa existente das obras sobre temática cultural e, especificamente, da Historia da Educación en Galicia.

Sabela Rivas.

OTERO URTAZA, U.: *Francisco Giner, a escola primaria e a universidade. Santiago de Compostela, Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago, 2001.*

O presente texto do profesor Uxío Otero Urtaza, de factura breve, pero densa e moi literariamente rica, corresponde á lección maxistral por el pronunciada, na súa calidade de Director da Escola de Maxisterio de Lugo, o pasado 29 de xaneiro de 2001 en Lugo co gallo de celebración de San Tomé de Aquino, Patrón da Universidade.

O profesor Uxío Otero fixo para a ocasión unha fermosísima lección na que o nacemento da ILE, a figura de Giner de los Rios, os fundamentos pedagóxicos da ILE, a formación institucionalista do profesorado e a misión educadora das Universidades, ocupan o central escenario, dándonos así conta da esencial importancia de

Giner e da ILE para comprender non só as transformacións educativas renovadoras que se deron en España ao longo das primeiras décadas do século XX, senón tamén o espírito que en apreciable medida informa as experiencias e os planteamentos de reforma educativa reiniciados por volta dos pasados anos setenta.

Non esquece, e ao contrario remarca, Uxío Otero as influencias biográficas dos educadores da ILE en Galicia: a presenza dos galegos por unha parte, e a acción intensa de diversos institucionalistas vindos ás Escolas Normais ou á Inspección de Educación en Galicia, por outra, para terminar cedéndolle a palabra aos propios textos de Giner que para a presente ocasión se seleccionaron.

O mimo impresor e editorial do Servicio de Publicacións da Universidade de Santiago terminaron por configurar un libro de 60 páxinas, que é xa peza de bibliófilo.

Antón Costa Rico

RODRÍGUEZ, E.: *Neoliberalismo, educación y género. Análisis crítico de la reforma educativa española. Madrid, La piqueta, 2001, 253 pp.*

Esta obra podería terse subtítulo tamén: "historia dunha frustración", xa que é precisamente este sentimento o fío conductor do libro. A resposta á pregunta: ¿de onde provén dita frustración? Daranos o argumento do libro. Pois ben, dita frustración provén do ideal non cumprido da reforma educativa da LOXSE, xa que o principio da reforma educativa o obxectivo básico era o de conseguir a igualdade social, pero a finais dos oitenta o concepto de igualdade social redefiniuse e con el o obxectivo educativo de igualdade polo da nova racionalidade neoliberal. Baixo este presuposto a obra aporta

unha nova visión sobre a historia máis recente da lexislación educativa española: a Reforma educativa levada a cabo polo partido socialista en España. A perspectiva histórica utilizada inclúe unha orixinal análise en canto da inclusión da perspectiva de xénero, xa que a través da mesma podemos vislumbrar a óptica das mulleres sobre o que representou a reforma e a desilusión que lles causou no seu desenvolvemento. Esta desilusión ven dada, segundo se confirma a través das entrevistas realizadas a profesoras que estiveron directamente implicadas no proceso de desenvolvemento da nova lexislación, porque a reforma curricular (ó final dos oitenta) deu un xiro a posicións neoliberais coa axuda da psicoloxización do curriculum ó definir o proceso educativo en termos conservadores.

A autora utiliza, xunto coa perspectiva de xénero, un novo referente para comprender a reforma curricular: o interese por buscar unha nova identidade nacional no contexto europeo, é dicir o interese por converxer con Europa leva implícito a educación dos novos cidadáns e cidadás na socialización dunha cultura neoliberal, o que conleva que se faga referencia ó proceso de reforma en termos conservadores. Neste contexto o colectivo de mulleres ensinantes, debido ó grande número que existe nos primeiros tramos do ensino foi o encargado de levar a cabo este obxectivo e foron elas as que recolleron o testíño da educación nova que era, segundo afirma a autora, individualista e psicoloxicista e que estaba a disfrazar unha realidade socioeducativa novedosa como era a aceptación de estruturas mentais neoliberais.

A reforma, en canto da súa constitución como ente de frustración, posúe dous momentos clave, o primeiro momento correspóndese coa ilusión pola posibilidade de realizar un cambio no ensino e, polo tanto na sociedade, baseado no dese-

xo de conseguir a xustiza social a través da educación escolar, tal e como expresa a autora "a esperanza de converter ás institucións educativas en institucións democráticas foi precisamente o que levou a moitas docentes a emprender os cambios máis radicais que a reforma educativa propoñía nos seus primeiros momentos". O segundo momento (a finais dos oitenta) é o da desilusión xa que a reforma da un volco e se converte no acicate do liberalismo coincidindo, non por casualidade, coa búsqueda dunha nova identidade nacional no contexto de Europa.

É tamén a finais dos oitenta cando comeza a crise do Estado de benestar e con ela a redefinición da función docente, basicamente na relación establecida entre curriculum e profesorado xa que se pasou da intervención activa curricular, nun primeiro momento, a que as docentes foran meras provedoras do curriculum oficial na súa segunda etapa. É dicir, de ter un función activa pásase a ter unha función pasiva, meramente reproductora do curriculum oficial.

A base inicial da reforma fundamentábase na colaboración como estratexia pedagóxica, esta estratexia educativa identificábase co colectivo feminino, o que axudou a que as mulleres se sentiran moi identificadas coa reforma, pero a finais dos oitenta estas prácticas convértense en individualistas, centradas no alumno ou alumna como caso individual, baseado en pedagogías psicoloxicistas, deixando de esta maneira de lado as cuestións ideolóxicas do curriculum o que fraguou o rexeitamento das mulleres á reforma. Neste proceso parece xogar un papel primordial a linguaxe tecnocrática, baseado nas categorías psicolóxicas, o que obrigaba a comunidade docente a adaptarse á linguaxe psicolóxica do Ministerio.

Ana Sánchez Bello

DÍAZ BOIX, V. M. et alii (Coords.): *La escuela en Elche. Una mirada histórica al mundo de la enseñanza, Caja de Ahorros del Mediterraneo, Alicante, 2000.*

A partir da experiencia continuada de conformación do Museo Escolar Agrícola de Pusol (Elche), a fins do ano 2000 puido celebrarse a Exposición titulada “La escuela en Elche, una mirada histórica al mundo de la enseñanza”, que se acompañou do presente Libro-Catálogo, de gran formato (folio), no que en case 300 páxinas se ofrecen os resultados dunha intensa labor investigadora.

La Escuela en Elche, unha obra colectiva, baixo a dirección do director do Museo, Fernando García Fontanet, como exposición e como catálogo busca aproximar ás xentes de hoxe a un pasado escolar, que foi conformando progresivamente os eixes da educación herdada polos mozos actuais.

É tamén unha mirada cómplice a moitos retazos de intrahistoria escolar, quere ser un estímulo para a memoria colectiva que aínda, se cadra, recorda a nenez sentada sobre os vellos bancos de madeira, e mesmo unha homenaxe a todos os mestres e mestras que desenvolveron con responsabilidade profesional o seu traballo en Elche e mesmo a todos os que alí foron nenos e nenas.

O Catálogo no que corresponde aos textos escritos aborda aspectos como: a cidade de Elche no Antigo Réxime, a cidade e a escola en varios dos momentos tanto do século XIX como do XX, a escola de Pusol adaptada ao medio, o libro escolar como espacio de memoria, e o mobiliario escolar ou a evolución da arqueoloxía material da escola no período 1875-1945; aspectos todos desenvolvidos mediante contri-

bucións sintéticas e xeralmente moi didácticas, case sempre escritos por investigadores locais, coa excepción dos profesores Agustín Escolano e León Esteban Mateo.

Se valioso é nos seus textos, admira aínda máis neste Catálogo a súa parte gráfica (documentos escritos de distintas épocas, debuxos de época a “plumilla”, e fotografías ben escollidas e moi ben reproducidas, coa presenza de bitonos que resultan tan cálidos á hora de buscar a evocación), a través da que nos achegamos, case como entrando coa nosa memoria e desde a nosa intuición naqueles grupos de nenos dos pasados anos vinte ou anos cincuenta. Unha parte gráfica resolta cunha mestría extraordinaria desde o deseño e maquetación realizado para a ocasión; temos así abondosas fotografías e outras ilustracións que ocupan dobre páxina, permitíndonos case o achegamento biográfico e vivencial a aqueles que alí están, logrando así unha primorosa sensación.

Un Catálogo así, que serve extraordinariamente para utilizar co noso alumnado actual de estudos de historia da educación. Un instrumento de reflexión. Un auxilio para unha memoria necesaria. Un agasallo excelente.

Antón Costa Rico

OSSENBACH, G.; SOMOZA, M. (eds): *Los manuales escolares como fuente para la historia de la educación en América Latina. Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, Serie “Proyecto MANES”, 2001, 371 pp.*

No ano 1996 celebrouse en Madrid un Seminario que tiña por título *Los manuales escolares como fuente para la Historia de la*

Educación en América Latina. Un análisis comparativo, que tivo como marco a Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED). Cómpre salientar que o devandito Seminario convocouse daquela ó aveiro do proxecto interuniversitario de investigación sobre os manuais escolares españois, coñecido por todos por Proxecto MANES. Cinco anos despois, aparecen agrupados nun volumen moi coidado os traballos que por entón foron alí presentados. Poderíase pensar, en principio, que estamos diante dunha publicación extemporánea. O tempo trascorrido dende a data de celebración do seminario e a publicación daqueles traballos puidera levarnos a pensar tal cousa; sen embargo, unha ollada detida fainos caer na conta de que non é así, porque o tempo, neste caso, xogou, por unha vez, a favor da idea primitiva orixe do Seminario, onde os traballos que hoxe recibimos foron acollidos.

O profesor Agustín Escolano, nun moi interesante e atinado traballo que abre o volume, recórdanos que o retorno á memoria e a revalorización da etnografía constitúen a manifestación das pautas emerxentes da nova historiografía. Neste senso, evidentemente o tempo, como dicíamos, non puido máis que beneficiar aos traballos, que ademáis do citado do profesor Escolano, se inclúen no volume que abranque países como Colombia, Arxentina, México, Brasil, Ecuador e Urugúay, aínda que cunha representación moi desigual, pero que, e isto é o máis importante, tratan temas moi diversos e mesmo períodos cronolóxicos moi diferentes, de aí o seu mérito e interés. Poderíamos argumentar, sen embargo, que se ben resulta atractivo achegarse ao coñecemento de estudos que sobre os manuais escolares se teñen desenvolvido arredor de momentos históricos determinados e en culturas concretas -no volume recó-

llense traballos que van dende o século XVIII ata mediados da década dos noventa do século XX-, non resulta doado facerse unha idea de conxunto e mesmo do estado da cuestión en América Latina. Conscientes sen dúbida desta falla, os editores do libro -os profesores Gabriela Ossensbach e Miguel Somoza, este último autor dun dos traballos publicados e coautor doutro, xunto co profesor Héctor R. Cucuzza- agasállannos cunha introducción clarificadora e en extremo didáctica que ademáis de abrir camiños a futuras investigacións -*lo que falta por hacer*-, achégannos a unha conceptualización do manual escolar e mesmo definen clasificacións que se poden tirar desde a perspectiva da distinta natureza destes materiais. Desta maneira, o libro convírtese nunha invitación a futuros traballos e investigacións e máis se consideramos que o interés polo libro escolar como obxecto de investigación é relativamente recente, de xeito que son moitas as liñas que aínda quedan por abrir e completar. Resulta obrigado pensar que nun futuro próximo as ausencias deste volumen -Venezuela, Perú, Chile, entre outros- sen dúbida encherán futuros proxectos editoriais xunto con outros desenvolvidos arredor das liñas de traballo abertas nos países agora representados.

O libro péchase cun apéndice bibliográfico actualizado por países, aínda que limitado os que aparecen recolleitos nas súas páxinas, que amosa unha visión máis completa ao tempo que axuda a perfilar un panorama de conxunto que se complementa cunha relación heteroxénea de referencias bibliográficas referidas ao ámbito xeral de América Latina da que é autora a profesora Gabriela Ossensbach.

No ano 1940, nunha aldea de Guitiriz (Lugo), un rapaz loitaba contra a Aritmética, se cadra, seguindo as orientacións dun *mestre de a ferra-*

do, dos que tanto nos ten falado o profesor Narciso de Gabriel. Eran tempos difíciles. Todo parecería normal se non fora porque o libro que empregaba, titulado *Nociones de Aritmética. Teoría y práctica* de J. M. Arechaga, fora editado en Bos Aires por Angel Estrada y Cía Editores. Unha transposición cultural. Unha viaxe de volta, inversa ao que daquela era habitual entre milleiros de galegos, foi a que fixo aquel libro arxentino, que serviu para que aprenderan os rudimentos da aritmética dúas xeracións da mesma familia. Parece lóxico pensar que este non fose un caso único. Abrir camiños ou encher espazos baleiros son, se cadra, as aventuras intelectuais máis reconfortantes. Memoria e historia son espazos irrenunciabes para a construción cultural e persoal. A proposta dos profesores G. Ossenbach e M. Somoza camiña nesta dirección. Son moitas as cousas que quedan por facer e probablemente moito máis relacionadas entre si do que se podería pensar. De aí, a importancia de traballos como o presente, que a UNED ven de publicar dentro da serie Proyecto MANES.

J. Luís Iglesias